

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 39

ano 6

marzo-abril 2012

BICENTENARIO DA CONSTITUCIÓN DE 1812

O 19 de marzo de 1812 as Cortes de Cádiz proclamaban a primeira **Constitución española**, pero ata finais de xuño non se documenta a recepción oficial do texto constitucional no **libro de acordos** dese ano do Concello de Ourense. Dende ese momento iniciáronse os preparativos para celebrar os actos de **proclamación e xura** da Constitución coas “maiores demostraciones de júbilo”: fixéronse os días 18 e 19 de xullo e cursáronse invitacións a todas as autoridades civís, relixiosas e militares da cidade para que asistisen aos festexos e ao refresco que se prevía ofrecer no consistorio.

Pedíuselle ao Cabido que repicasen as campás da Catedral nas noites dos referidos días e que autorizase os músicos da capela catedralicia para tocar polas rúas. Tamén foron convocados os gremios para que participasen nas celebracións con “comparsas y diversiones”, e acordouse instalar iluminación especial e colocar no frontis das casas consistoriais esta inscrición: “A la Constitución Política de la Monarquía Española dedica estos obsequios la Muy Noble y Muy Leal ciudad de Orense”. Houbo a quen lle pareceron excesivos os 10.000 reais que o Concello librou para estas celebracións, xa que 1812 estaba a ser un **ano crítico** tanto polos custos da **guerra contra os franceses** como pola “esterilidad de cosechas e indigencia en que se hallan los avitantes”.


O 18 de xullo, sobre un taboado adornado cun retrato de Fernando VII baixo dosel, o secretario do Concello, acompañado polo correxedor e rexedores que portaban o pendón da cidade, proclamou a Constitución na Praza Maior. Acto seguido a corporación municipal encabezou unha **procesión cívica** que desfilou polas rúas da cidade para repetir o mesmo acto nas prazas do Ferro e da Sal. As funcións envolvéronse da maior **solemnidade**: a comitiva desfilaba ao son dun timbaleiro que, flanqueado por dous reis de armas, abrían camiño. Dous maceiros precedían á corporación que marchaba a cabalo seguida das restantes autoridades civís e militares da cidade e escoltados todos por un piquete de milicianos honrados.

Os veciños da cidade foron convocados ás oito da mañá do día 19 de xullo para xurar a Constitución nas igrexas parroquiais de **Santa Eufemia** e da **Trindade**. Seguindo o protocolo establecido polas Cortes, fíxose pública a Constitución durante a celebración dunha **misa de acción de grazas** e, finalizada esta, un

membro da corporación municipal pediu xuramento aos veciños segundo a fórmula decretada polas Cortes:

¿Jurais por Dios y los Santos Evangelios guardar y hacer guardar ... la Constitución Política de la Monarquía Española, sancionada por las Cortes generales y extraordinarias de la Nación, y en ser fieles al Rey?

“Sí juramos”, responderon os veciños para seguidamente entoar un tedeum. Por último, o corrixidor e os rexedores reuníronse na capela da casa consistorial onde, postos de xeonllos e coa man sobre os Evanxeos, foron xurando un por un a Constitución.



1812, xuño, 30. Ourense


Acta de sesión do Concello de Ourense no que este acorda acusar recibo da recepción da Constitución de 1812.

Original; papel; escritura humanística; castelán; 225 x 320 mm.

AHPOu. Concello de Ourense, Libro 133.

A convocatoria de Cortes Xerais

A proclamación da Constitución de 1812 significou a culminación dun proceso de ruptura política que fora desencadeado en **1808** pola ocupación francesa. En setembro dese ano constituírase unha **Xunta Central Suprema** para coordinar as xuntas supremas (e soberanas) que xurdiran nos distintos reinos de España tras o levantamento madrileño do 2 de maio. A Xunta Central, composta de 35 membros, presentouse como única depositaria da **soberanía** e asumíu o liderado da loita anti-francesa reducindo a subordinadas ás xuntas periféricas, e motivando o correspondente descontento destas.



Impreso remitido pola Xunta Suprema Central á Xunta Superior de Defensa e Armamento de Galicia no que comunica o traspaso de poderes ao Consello de Rexencia.
AHPou, Xunta de Defensa e Armamento de Ourense, C. 130/03.

Os **poderes tradicionais** (a maior parte da nobreza e do clero, as vellas institucións do Antigo Réxime ...) cuestionaron a lexitimidade da Xunta Central xa que vían con recelo o seu talante reformista. Por todo iso, a Central sempre considerou necesaria a convocar a **Cortes Xerais** en tanto que único órgano plenamente lexitimado para actuar como depositario da soberanía. A idea da Xunta Central era que as Cortes, convocadas por esta para o 1 de marzo de 1810, non só asumisen a coordinación da loita antifrancesa, senón que tamén emprendesen unha profunda reforma de corte liberal que dese resposta ao proxecto político que **Napoleón** e **Xosé I** Bonaparte deseñaran para España no Estatuto de Baiona de 1808.

Pero aqueles poderes tradicionais partidarios da **monarquía absoluta** non podían consentir semellante "revolución". Para erosionar á Xunta Central fixérona responsable das derrotas do exército español durante 1809 e acosárona con outras críticas ata conseguir que

se disolvese e transferise os seus poderes a un **Consello de Rexencia**, coa esperanza de que este non reunise as Cortes.

En marzo de 1810, a **Xunta Superior de Defensa e Armamento de Galicia**, con sede na Coruña, remitiu á **Xunta de Defensa e Armamento de Ourense** o impreso reproducido á esquerda. Nel, a Xunta Central, refuxiada en Cádiz dende xaneiro, comunicaba o traspaso dos seus poderes a un Consello de Rexencia composto por cinco membros aos que lle encargaba como tarefa prioritaria a reunión de **Cortes xerais e extraordinarias**. Este impreso viña acompañado dun escrito da Xunta galega na que manifestaba que non se ía someter ao Consello de Rexencia mentres este non contase co recoñecemento da maior parte dos exércitos e provincias.

As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812

O Consello de Rexencia, presidido polo **bispo de Ourense** D. Pedro Quevedo ata setembro de 1810, non era partidario da convocatoria de Cortes pero, finalmente, viuse obrigado a reunilas. As Cortes, constituídas o 24 de setembro de 1810, ademais de xestionar un país en guerra, emprenderon un ambicioso **labor legislativo** que supoñía fondas transformacións políticas, xurídicas, económicas e sociais de signo liberal.

Non se conservan os libros de acodos do Concello de Ourense correspondentes ao período 1809-1811, o que nos priva da postura da cidade ao respecto dos transcendentais asuntos que se trataron nas Cortes de Cádiz. Hai que esperar a 1812 para atopar no libro de acordos dese ano cuestións controvertidas como a conveniencia de **abolir a Inquisición**, tema co que o Concello ourensán está en desacordo, seguindo o criterio do bispo Quevedo.

O labor das Cortes de Cádiz supuxo o comezo dun longo e tortuoso camiño dirixido á implantación dun novo modelo político, económico e social (o **Estado liberal**), o que implicaba desmontar o que daquela se comezou a denominar **Antigo Réxime**, é dicir, o sistema que con raíces na Idade Media rexera as sociedades da Europa occidental durante a Idade Moderna: a monarquía absoluta, a sociedade estamental, e unha economía sobreterregulada haberían de substituírse pola soberanía nacional, a división de poderes, a igualdade xurídica dos cidadáns e o libre mercado.

Por iso, o **constitucionalismo liberal** que inspirou a Constitución de 1812 tivo que enfrontarse ás forzas do Antigo Réxime que só aspiraban a restaurar a monarquía absoluta na persoa de Fernando VII, é dicir, a manter a orde política que garantía os seus privilexios. Iniciouse daquela un conflito ideolóxico, político e social que en España non acabará de resolverse ata a segunda metade do século XX.